

## INTRODUCCIÓN A HISTORIA

### 1.-A CRONOLOXÍA

A CRONOLOXÍA permítenos contar o TEMPO.

Utilizamos, para iso, medidas diversas:

.O segundo, o minuto, a hora permítenos controlar o tempo moi curto, o da vida diaria.

.O día, a semana, o mes agrupan tempos vividos, que permanecen máis ou menos na memoria individual ou colectiva. Contemplámolo e xestionamos a través do calendario.

.O ano, o lustro, a década son aínda abarcables dende a memoria individual, pero conforman máis claramente tempos colectivos, sociais.

O século ou o milenio só podemos entendelos dende a memoria histórica.

**Na sociedade occidental**, convencionamente, tomamos como referencia cronolóxica o NACEMENTO DE CRISTO para movernos no tempo histórico:

- ANTES DE CRISTO (a.C): dende o ano -1 cara a atrás.
- DESPOIS DE CRISTO (d.C): dende o ano 1 cara a adiante.

**Outras civilizacións** (a chinesa ou a musulmá) tomaron outros anos como referencia para determinar o seu tempo histórico e persoal.

- O día 23 de xaneiro de [2012](#) comiezo o ano 4710 según el calendario chino. O próximo ano comienza o [10 de febreiro](#) de [2013](#) (el año 4711).

-O **calendario musulmán** é un [calendario lunar](#). A orixe de este calendario é o día do inicio da [Héxira](#), que no [calendario gregoriano](#) correspondería ao [16 de xullo](#) de [622](#).

O año islámico actual é 1436 e o 2016

### **Os séculos**

Sabes como se utilizan as cifras romanas?

Vexamos:

- . O número 1 transcríbese I
- . O número 5 transcríbese V
- . O número 10 transcríbese X
- . O número 50 transcríbese L
- . O número 100 transcríbese C
- . O número 500 transcríbese D
- . O número 1000 transcríbese M

Polo tanto, como se escriben os números? Exemplos:

- . O número 52 transcríbese LII
- . O número 13 transcríbese XIII
- . O número 7 transcríbese VII
- . O número 136 transcríbese CXXXVI
- . O número 528 transcríbese DXXVIII

Existen algunhas "cosillas" de interese:

- . Non se poden poñer máis de tres signos iguais seguidos.
- . Polo tanto, o 4 (40, 400, 4000) e o 9 (90, 900, 9000) transcríbense de forma diferente.
- . En ambos os dous casos anteponse ao valor posterior unha unidade do anterior. Exemplos: 4 (IV), 9 (IX), 40 (XL), 54 (LIV), 90 (XC), 94 (XCIV), 96 (XCVI), 444 (CDXLIV)...
- . Os séculos exprésanse SEMPRE en números romanos: séculos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII, IX, X, XI, XII, XIII, XIV, XV, XVI, XVII, XVIII, XIX, XX e XXI.

## **2. - ETAPAS DA HUMANIDADE**

### ***A PREHISTORIA***

**Paleolítico (2,5 Ma - 8000 a. C.)**

*Paleolítico* significa 'pedra vella' ou 'pedra tallada'. Os seres humanos vivían da caza e da recolección.

- Paleolítico Inferior.
- Paleolítico Medio.
- Paleolítico Superior.

**Neolítico (8000 - 4000 a. C.)**

Significa 'pedra nova' ou 'pedra pulida'. Aparece a agricultura, a gandaría e a cerámica. Os pobos fanse sedentarios.

**Idade dos Metais (4000 - 3500 a. C.)**

Nesta época comezaron a elaborarse útiles de diferentes materiais: primeiro cobre, logo bronce e finalmente ferro.

### ***A HISTORIA***

**Idade Antiga (3500 a. C. - 476 d. C.)**

Aparecen os primeiros documentos escritos e desenvólvense grandes civilizacións en Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.

**Idade Media (476 d. C. - 1492 d. C.)**

Dende caída do Imperio romano de Occidente, ata o descubrimento de América

**Idade Moderna (1492 d. C. - 1789 d. C.)**

Comeza co descubrimento de América e remata coa Revolución Francesa.

**Idade Contemporánea (1789 d. C. ata a actualidade)**

Comeza coa Revolución francesa e chega ata a actualidade.

## ACTIVIDADES

1ª) Fai unha liña do tempo coas etapas da humanidade

2ª) Transcribe a cifras romanas os séculos aos que pertencen as seguintes datas:

ANO	SÉCULO	ANO	SÉCULO	ANO	SÉCULO	ANO	SÉCULO
1367		1997		890		2	
1542		289		2008		101	

COMPLETA O CADRO

:

SÉCULO	EMPIEZA	TERMINA
I	1	100
II		200
III		
IV	301	
V		
VI		
VII	601	
VIII	701	
IX		900
X		
XI		
XII		1200
XIII		1300
XIV		1400
XV	1401	
XVI	1501	
XVII	1601	
XVIII		
XIX		
XX		
XXI		